

1

caio no alén
albisco a luz de seu
dende a porta do cuarto
entro no embigo dos poemas
e fico un tempo alí
afágome ao mundo dos furados
ao silencio da brétema
ti decides entrar
para me dar caza
faste insomne
pero traes contigo demasiada luz
non consegues soltarte
pos demasiada atención na porta de entrada
apretas a man do espectro con forza
non sabes pasar desapercibido.
e eu non teño tempo nin paciencia
para explicarche que aquí non existen jerarquías

convivimos ben coa enfermidade. queremos esta dor. temos que quererla. doutro xeito non se entende a nosa viaxe ao abismo: tiramos todo dereito até as fraguas de vulcano: envurullámonos nese cheiro fedorento. pero non importa. baixamos igualmente pola rampla cutre e caemos alí: no peor dos lugares posíbeis: na egonía. cantamos cos grilos en gaiolas de plástico. berramos por un ceo azul que non chega. e sempre con ese trancatrán das nómades. a golpes polas pedreiras. alucinadas con aquela luz sobre o ciscallo. pensar este país é como ver un filme de eric rohmer: unha pasa por todas as estacións posíbeis e apenas sucede nada. só o frío acontece. arde na cabeza. neste lugar sentimos a respiración da morte. vémosla saír polo nariz para volver entrar despois pola boca. escorregar na espiral do frío é o que ten: sempre pode aparecer un espectro no curuto do monte e arrimarnos ás paredes do tempo: á transparencia opaca deste ser e meternos atrás. sempre atrás. e que chova.

3

este libro non ten citas. quere ser sobrio: desenvolver a trama poética sen brillos. o brillo desvía a atención: indúcenos a procurar o citado. pon pedras no camiño: eu fun por pedreiras angostas: entrei en libros complexos. torcín o corpo na espiral do pensamento. ás veces é bo quitar da cabeza estas referencias: volver ao principio. onde cada idea era nosa: nacía do vivido.

a visión da nostalxia irradia nos poemas. ten atravesado o tempo e a conciencia. citamos a proust. a madalena. a verticalidade que ensancha este espazo nos pulmóns. pensamos en bergson. no ulises de joyce. e así nos vai: non damos saído da poza abisal: da constante busca da epifanía: do silencio en que o espectro estende sobre nós un plan maléfico.

